





PROXECTO DE XEOPARQUE DE ORTEGAL



COMPLEXO
XEOLÓXICO DO
CABO ORTEGAL

SERRA DA
CAPELADA-
COSTA ÁRTABRA

MINA PIQUITO

A denominación de Xeoparque Mundial é un recoñecemento da UNESCO, dirixido á conservación e divulgación dos ámbitos territoriais cun patrimonio xeolóxico singular e considerados pola súa sociedade local coma produto de identidade. Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño están adheridos á comunidade intermunicipal

que suma forzas para avanzar na consolidación do proxecto de Xeoparque de Ortegal, capitaneado pola Deputación da Coruña. Cunha extensión de 580 km2, o territorio que inclúe o proxecto identifícase polos acantiados marítimos máis altos do continente e caracterízase polo contacto entre a litosfera continental e oceánica, cun afloramento de materiais duns 350 millóns de anos.



PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO



DOLMES DE:

PEDRA
MOURA

PEDRA DA
ARCA

DOMBATE

PEDRA
CUBERTA

A Costa da Morte evoca a cultura neolítica con máis de 300 mámoas, dolmens e outras construcións funerarias, que compoñen unha das mostras mellor conservadas e máis representativas da nova idade da pedra en Galiza. Os recursos clave na catalogación do Parque Arqueolóxico constan especialmente das tumbas monumentais ou dolmens, entre outros, do de Pedra Moura, Pedra Cuberta, Pedra da Arca, Fornela dos Mouros, e a “catedral do

megalitismo”, o Dolmen de Dombate. A Deputación da Coruña participa no desenvolvemento do parque e xa ten operativo o seu propio Plan director para este museo ao aire libre que se estende polos territorios dos concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbria, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, que partillan do proxecto común como comunidade intermunicipal.



PARQUE ARQUEOLÓXICO IDADE DO FERRO



CASTRO DE
BAROÑA

CASTRO DA
CIDÁ

Arousa Norte e Muros – Noia presentan a maior densidade de castros investigados cientificamente. O seu conxunto territorial aparece identificado desde fontes clásicas romanas e conta cun relato arqueolóxico común que ten o seu cerne na evolución da sociedade na Idade do Ferro. O castro de Baroña, declarado Patrimonio Artístico Nacional, é un dos eixes centrais do proxecto que inclúe outros

poboados fortificados celtas como o castro de Isorna, Neixón, Achadizo, Postmarcos e da Cidá. Os concellos de Boiro, a Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira e a colaboración de Porto do Son, forman parte coa Deputación na mancomunidade constituída para o fomento do patrimonio histórico, artístico e natural que nos fai viaxar á Idade do Ferro.



COMPOSTELA RUPESTRE



PETROGLIFOS
NA CONTORNA
DO:

VAL DO ULLA

VAL DE MAIA

Na contorna do Val da Maia e do Ulla, no suroeste do xeodestino Terras de Santiago, atopáronse nos últimos anos un total de 120 petróglifos nos seus 52 parques rupestres, desde formas animais e armas ata cruceiros e labirintos. Val do Dubra, Santiago, Ames, Brión, Boqueixón, Teo e Vedra son os concellos que, xunto coa Deputación da Coruña formalizaron a constitución da comunidade intermunicipal para o proxecto Parque “Compostela

Rupestre” coa idea de conservar e difundir un patrimonio único dunha gran riqueza histórica e artística que pode ser rendíbel tamén social e economicamente. Compostela Rupestre ten vontade de agrupar medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións participantes para xestionar de forma conxunta a promoción e posta en valor da arte rupestre localizada no territorio que se atopa na contorna da capital galega.